



## BASES IV Congreso de E.A. dos Centros de Ensino da Coruña

O **CEIDA**, co patrocinio da **Deputación da Coruña** organiza o IV Congreso de Educación Ambiental dos Centros de Ensino da Coruña "*Espazos para conservar. Defendamos o noso patrimonio natural*" que se celebrará o **27 de maio de 2010**.

Grazas á colaboración do Instituto Jane Goodall, os centros que participen no congreso escolar pasarán a constituírse como un grupo **Roots & Shoots** e poderán compartir ideas e traballar en rede con outros grupos de máis de 100 países.

### Obxectivos

- Incentivar a realización de proxectos de educación ambiental que brinden ao alumnado e a toda a comunidade educativa a posibilidade de descubrir e valorar o Patrimonio Natural de Galicia
- Promover unha rede de centros de ensino que desenvolvan proxectos de educación ambiental a prol da conservación do patrimonio natural galego
- Consolidar o Congreso como un espazo de participación e debate, reforzando o papel dos centros educativos como difusores dunha nova cultura ambiental na sociedade
- Consolidar vías de comunicación e de colaboración entre os centros de ensino e o CEIDA

### Requisitos e forma de participación

I.- Detinatarios: **centros de educación secundaria, bacharelato e ciclos formativos da provincia da Coruña**

II.- Proxectos

1. Deberán abordar aspectos relacionados coa **conservación e posta en valor do Patrimonio Natural de Galicia**
2. Estructura do proxecto: título, xustificación, obxectivos, metodoloxía, actividades (indicando fases e calendario) e orzamento. Deberan ter unha extensión mínima de 350 palabras
3. O **idioma** oficial do congreso é o **galego**
4. O **prazo** de inscrición finalizará o **31 de outubro de 2009**
5. Os proxectos deben ser enviados, xunto coa ficha de inscrición, a [educacion@ceida.org](mailto:educacion@ceida.org)

### Criterios de Selección

1. O CEIDA seleccionará os proxectos que participarán no IV Congreso "Espazos para conservar. Defendamos o noso patrimonio natural" valorando a súa calidade en base aos seguintes criterios:
  - Contribución a difusión e posta en valor do patrimonio natural obxecto do traballo presentado
  - Implicación e impacto do proxecto sobre a comunidade educativa e a poboación local
  - Continuidade no tempo, proxectos a longo prazo
  - Traballo en rede con outros centros educativos
  - Orixinalidade e creatividade
2. Entre o **5 – 6 de novembro de 2009** o CEIDA comunicará, a través dun correo electrónico aos centros, que proxectos resultaron seleccionados.



### Axuda económica

1. A cantidade concedida non excederá os **500 € por proxecto**
2. As axudas económicas teñen a finalidade de sufragar gastos que xere ao centro de ensino a realización do proxecto (desprazamentos, material funxible, bibliografía, reprografía,...)
3. Para recibir o ingreso da axuda económica, os centros deberán enviar **unha certificación bancaria**, na que conste como titular o centro educativo, por correo postal ao CEIDA (Castelo de Santa Cruz, s/n · 15179 Liáns – Oleiros · A Coruña)
4. O ingreso poderá facerse parcialmente por adiantado (300 € máximo) ou integramente despois da realización do Congreso.
5. Tralo ingreso da axuda concedida, os centros deberán enviar ao CEIDA, por correo postal, un **xustificante**, en papel timbrado do centro, que certifique que o centro recibiu a citada axuda
6. A xustificación das axudas concedidas efectuarase mediante un orzamento detallado de cada un dos gastos realizados no desenvolvemento do traballo. Os gastos acreditaranse mediante facturas. Esta xustificación será presentada ao CEIDA antes do **10 de xuño de 2010**

### Desenvolvemento do proxecto

#### I.- Seguimento

1. O equipo de educación ambiental do CEIDA realizara un seguimento de cada un dos proxectos para verificar o cumprimento dos obxectivos e do calendario de actividades
2. O Centro de Documentación Ambiental Domingo Quiroga está a disposición de todos os centros participantes no congreso
3. O CEIDA, en caso de que algún dos proxectos non cumpra os obxectivos iniciais que foron aprobados, reservase o dereito de rexeitar ese proxecto antes da data de celebración do IV Congreso para escolares

#### II.- Participantes

1. Dependendo do número final de proxectos participantes, O CEIDA comunicará a cada centro de ensino o número de rapaces que poden participar na celebración do IV Congreso o día 27 de maio de 2010
2. Posteriormente, cada centro deberá enviar un listado co nome e apelidos dos alumnos participantes no proxecto, indicando cales son os que, finalmente, asistirán ao congreso.

#### III.- Materiais

1. O alumnado deberá elaborar unha comunicación oral (duración máxima 10 minutos) ou presentar un póster (dimensións 80\*100 cm) que resuma o proxecto presentado
2. As presentacións visuais que acompañen as comunicacións orais terán que presentarse en formatos PowerPoint, AVI ou MPEG
3. De xeito opcional, os centros poderán preparar outro material expositivo (maquetas, folletos, ...) para presentar na feira
4. Todo o material elaborado para presentar no congreso deberá ser enviado ao CEIDA antes do **14 de maio de 2010**



### Xustificación final

1. Presentación dunha memoria final do proxecto desenvolto que debe incluír os seguintes puntos:
  - Título do proxecto
  - Nome e apelidos do alumnado participante
  - Nome e apelidos do profesorado coordinador
  - Xustificación
  - Obxectivos
  - Metodoloxía
  - Actividades realizadas
  - Conclusións
  - Xustificación económica
2. Esta documentación debe se enviada a [educacion@ceida.org](mailto:educacion@ceida.org) antes do día **10 de xuño de 2010**.